



MEIRÁS (VALDOVIÑO)

Club de Montaña O Carroucho

30 de Abril de 2016

Accederemos á Praia da Frouxeira por un pequeno regato que desemboca na mesma.

Na praia, pola que camiñaremos uns metros, pasaremos por diante dunha fonte, buscando algún dos camiños que nos levan ao monte. Unha vez nese estreito camiño franqueado por toxos, seguiremolo sempre buscando os ramais do mesmo que pasen máis próximos ao cantil.

Neste percorrido próximo ao cantil, sempre fóra da zona de risco de caída, pasaremos por algún dos lugares máis apreciados polos pescadores da zona e foráneos. No transcurso do mesmo, podemos ver ademais, antigas garitas de vixilancia, unha cruz adicada ás persoas afogadas na zona, os túneles de Meirás, nos que no interior, fai moitos anos cando estaba en funcionamento o campamento artillado de Campelo, gardaban uns potentes reflectores de luz de longo alcance que servían para iluminar a zona de tiro dos canóns das bateri-



as de Campelo.

Bordearemos o faro de Meirás que deixaremos á nosa esquerda, para seguir polo camiño que baixa pegado á costa, desde a que poderemos observar o alto de Campelo, así como a Praia de Meirás e a pequena capela que alberga a imaxe da Virxe do Porto.

Segundo a tradición, uns mariñeiros recolleron a figura da virxe no mar e levárona a terra. Ao día seguinte, a virxe voltou a aparecer no mar, entón pensaron que lle gustaba máis estar preto das ondas, e alí lle fixeron a ermida, dende alí protexe á xente do mar.

Todos estes cantís preto da capela do Porto, coñecidos como A Baxanca e as ladeiras de Campelo, están cheas de antigas minas de arsénico abandonadas.

Deixaremos a Baxanca e o camiño de Campelo, pasamos pola Praia de Meirás (Praia do Rio), antes de iniciar a subida ao monte. Imos camiño de Campelo e do

Datos Básicos

Comezo: Praia da Frouxeira

Remate: Cabo Prior

Distancia lineal: 25 km.

Duración aprox.: 7 horas

Dificultade: Media

Altura máxima: 212 m

Altura mínima: 2 m

Acumul.: ↗981 m / ↘910 m

Pico da Vela (255 m.).

Podemos gozar dalgunhas das mellores vistas da Costa Artabra, das praias de Meirás e da Frouxeira coa súa lagoa, así como de todo o val de Valdoviño. Unha vez alcanzado o Pico da Vela podemos gozar da vista da Praia de Campelo e a costa que nos leva ata o faro de Cobas (Praias de Ponzos e Santa Comba coa súa ermida).

Esta beleza paisaxística concentrada neste tramo de subida pódese facer máis ameno se nos detemos a observar os restos das antigas edificacións militares: túneles, barracóns, asentamentos dos canóns etc, que proliferan en toda a ladeira do monte.

A principios do ano 1927, este monte albergou para a defensa da costa e porto de Ferrol, un dos exemplares de pezas de artillería máis grande de toda a península: o Vickers 38, un canón de 17 metros de lonxitude e 86 toneladas de peso, desde o que se podían disparar proxectís de 833 quilos a 35 quilómetros de distancia da costa.

Imos Campelo abaixo ata a praia, por unha forte pendente, onde colleremos a pista que nos leva ao final do percorrido en Ponzos.

Pasaremos preto de Pena Mo-

lexa no val. Esta pena foi seguramente un santuario celta, un altar que, por algunha razón, non chegou a ser cristianizado. O seu folclore aínda constitúe un exemplo da supervivencia popular do culto á Deusa Nai celta, única divindade feminina que representa a terra, o País.

Remataremos en Ponzos-Sta Comba, e de alí, o churrasco espera en Meirás.



Próxima cita:

14 a 17 Maio
A Pedriza (Guadarrama)



www.carroucho.org